


|   |                      |
|---|----------------------|
| Código do documento   | Código do expediente |
| <b>UCPWI00B1</b>  | <b>UCP/2011/45</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)   |                      |
| <br><b>4T1O 1E2S 5G44 0L0O 0U2N</b> |                      |

MMM

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO, CON MULTIPLICIDAD DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, PARA A CONCESION DA XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (SAD)**

**I. ELEMENTOS DO CONTRATO**

**1. OBXECTO DO CONTRATO.**

**O obxecto de este procedemento aberto é o establecemento dunha concesión administrativa para a xestión do servizo público de Axuda a Domicilio.**

O servizo prestarse con suxeición ós pregos de condicións técnicas redactado pola Xefa de Servizo de Benestar Social, e de acordo co estudo organizativo presentado polo contratista que formará parte do contrato a todos os efectos e o Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) (BOP 24/02/2011).

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante o presente contrato consisten en a prestación do servizo de axuda a domicilio en cumprimento do establecido na Lei de dependencia.

A licitación versará sobre a totalidade da contratación.

Código CPV: 75310000-2-Servizos de prestacións sociais.

**2. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

O orzamento máximo de licitación é o que se especifica no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, que figura como ANEXO nº 1 (en adiante "cadro de características").

A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adjudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas, I.V.E. Incluído, que deberá soportar o concello, ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS ONCE MIL TRESCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (2.811.335,04€).

O orzamento máximo é de setecentos dos mil oitocentos trinta e tres euros con setenta e seis céntimos (702.833,76 €) anuais (IVA incluído). As proposicións económicas dos licitadores no poderán exceder deste presuposto. Os prezos por hora serán os seguintes:

a) Táboa de prezos:

| TIPO DE SERVICIOS<br>(IVA: 4%)                          | PREZO                 |
|---|-----------------------|
| Servizo ordinario previsto                              | 14,10 €/hora máis IVE |
| Servizo imprevisto, domingo o festivo                   | 16,82 €/hora máis IVE |
| Noite completa (entre as 22 e as 8 da mañá) Excepcional | 45,00 €/noite         |

1 de 29

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Horas nocturnas illadas (menos de 7 horas entre as 22 e as 8 de mañá ou partidas en dúas quendas) | 16,82 €/hora máis IVE |
|---|-----------------------|

b) O volume e tipos de horas de servizo estimadas para contratar sería o seguinte:

|  |                  |
|--|------------------|
| SERVIZO ORDINARIO PREVISTO             | 45.400horas/ano  |
| SERVICIO IMPREVISTO, DOMINGO O FESTIVO | 500horas/ano     |
| HORAS NOCTURNAS ILLADAS                | 100horas/ano     |
| Servizo Excepcional                    |                  |
|  | 46.000 horas/año |
| Noites completas                       |                  |
| Servizo Excepcional                    | 12 noites/año    |

Todas as ofertas deberán indicar por separado a contía correspondente ao prezo neto do contrato e, de ser o caso, a contía correspondente ao IVE. Na contratación destes servizos entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica deste prego (ANEXO N° 2). Para a comparación do elemento "prezo" das ofertas terase en conta, exclusivamente, o prezo neto de cada unha.

En canto ao sistema de determinación do prezo, indícase que está referido a prezo por unidades de execución, en este caso, prezo por hora. (art. 302 TRLCSP).

O prezo do contrato será o que resulte da adjudicación e neste estará incluído o IVE, entendéndose que as proposicións dos empresarios comprenden non só o expresado prezo de contrata, senón tamén o de dito imposto.

O pago do prezo do contrato efectuarase previa presentación polo contratista das correspondentes facturas a mes vencido, nas condicións que se especifican a continuación.

A cada factura o contratista achegara:

- O documento que acredite a presenza do persoal e os horarios polos que factura.
- Os boletíns mensuais de cotización á Seguridade Social do persoal que efectivamente presta o seus servizos no período anterior ó da facturación.
- A conformidade na factura responsable do contrato.

Como condición para o primeiro pago, o contratista deberá presentar copia dos contratos de traballo subscrito con cada unha das persoas empregadas, debidamente visados polo INEM. De igual modo procederá o contratista con calquera variación do persoal que empregue.

No se facturarán ni aboarán os períodos nos que non exista actividade, redución horaria, reducións por convenio.

### **3. FINANCIAMENTO**

Para atender ás obrigas derivadas deste contrato, existe crédito suficiente no orzamento da Corporación, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no epígrafe 3 do cadro de características.

Respecto ao financiamento do gasto nos exercicios seguintes, o órgano de contratación adoptara un compromiso de gasto plurianual con cargo aos Orzamentos municipais dos devanditos anos para atender o gasto derivado do contrato, conforme ao establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se indican. En consecuencia o presente gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

### **4. REVISIÓN DE PREZOS**

4.1. O prezo do contrato non sufrirá variación algunha ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificaran os xornais, cotas da seguridade social ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

4.2. Non obstante, cando transcorra un ano dende a data de adxudicación do contrato, o contratista poderá solicitar, e o Concello acordar, a revisión do seu prezo, con arranxo ao incremento do IPC experimentado durante o período anual anterior, previo presentación da correspondente certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística ou organismo que o substitúa. De conformidade co artigo 90.3 do TRLCSP a revisión será do 85% da variación experimentada polo devandito índice.

4.3. A revisión dos prezos terá lugar cando transcorrera un ano desde a súa adxudicación. En consecuencia, e o primeiro ano de execución quedará excluído da revisión. (art. 89 TRLCSP)

### **5. DURACIÓN DA CONCESIÓN**

O prazo de duración da concesión é de tres (3) anos a partir da data de formalización do contrato, prorrogable antes da súa finalización por mutuo acordo do Concello e o concesionario por períodos anuais ata un máximo de catro (4) anos (incluíndo o período inicial e as súas prorrogas), permanecendo inalterables as restantes características do contrato.

A tal efecto, con dous meses de antelación á finalización do prazo contractual, o contratista poderá solicitar a prórroga e o órgano de contratación acordala.

O Concello reservase o dereito a deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, si o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen el cando non procedera.

### **6. SITUACION RESPECTIVA DA CORPORACIÓN E O CONCESIONARIO.**

Dado o carácter público dos servizos a prestar, o Concello reservase a facultade de ditar disposicións encamiñadas a súa maior efectividade e mellor atención cidadá, que serán de obrigado cumprimento para o concesionario.

A xestión do servizo comprendera como mínimo, as prestacións a cargo do concesionario que se inclúa no prego de prescricións técnicas que formara parte do contrato a todos os efectos.

### **7. TERMINACIÓN DA CONCESIÓN**

Serán causas para a terminación da concesión, as previstas legal e regulamentariamente.

Con antelación á data de finalización do contrato e antes da convocatoria do novo procedemento de licitación para adxudicación da concesión, a efectos de facilitar a subrogación do persoal contratado polo seguinte adxudicatario, o contratista deberá presentar os seguintes documentos:

- Certificación na que deberán constar traballadores afectados pola subrogación, con nome e apelidos, datas de nacemento, estado civil, D.N.I., número de afiliación á Seguridade Social, situación familiar (número de fillos), natureza dos contratos de traballo e categoría profesional.
- Fotocopia das nóminas dos tres últimos meses,

## **8. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación. No epígrafe 17 do cadro de características establecerase a posibilidade de incluír variantes ou melloras.

## **9. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS**

As persoas interesadas poderán consultar os pregos e obter copias dos mesmos no lugar que se indica no epígrafe 6 do cadro de características.

## **10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

10.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera os artigos 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa o TRLCSP, se encontren debidamente clasificadas. (Ver epígrafe 5 do cadro de características)

10.2.- Unións de Empresarios:

Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 10 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contías significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adxudicatario, deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública dentro do prazo máximo de 15 días a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

## **11. SOLICITUDE DE OFERTAS E PERFIL DO CONTRATANTE.**

11.1 O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP) e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

11.2. **Perfil do contratante:** Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á

actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 8 do cadro de características do contrato, e de conformidade co disposto nos art. 53, 37, 141, 142, 151, 154, 191, 192, 197 e 334 do TRLCSP.

## **12. PROPOSTAS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

As propostas para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, en horas de nove a catorce de luns a venres, e de nove a trece os sábados e en tres sobres pechados (ver Anexo III), que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición, sen prexuízo da achega de variantes cando as admita o prego de condicións administrativas particulares. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si xa o fixera individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. O incumprimento destas limitación dará lugar á non admisión de todas as proposición por el subscritas. (art. 145.3 TRLCSP)

No suposto de que as propostas se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (981677646) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das propostas a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de sobres e a adxudicación do contrato. Transcorridos dez días desde a data de finalización do prazo de presentación de ofertas sen que se recibira a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación das propostas presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade destas cláusulas sen salvidade algunha.

Unha vez que remate o prazo de recepción de propostas, o funcionario responsable do Rexistro xeral expedirá unha certificación onde se relacionen as propostas recibidas, as presentadas por correo pero aínda non recibidas ou, de ser o caso, a ausencia de licitadores, que remitirá ao departamento de Contratación.

## **13. PROPOSTAS: DOCUMENTACION.**

13.1.- Sobre A: Subtitulado 'Documentación'.

No anverso do sobre figurará a mención: "Documentación para a contratación do SERVIZO DE .... presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono e fax)".

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

*A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.*

*A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.*

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que

conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

*A-3) Empresas comunitarias.*

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

*A.4) Empresas non españolas de estados asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).*

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

*A-5) Empresas non comunitarias.*

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular do ámbito territorial onde estea o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados asinantes do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

*A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.*

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 460.1.d do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome da que concorre perante a administración

contratante.

O poder deberá figurar inscrito anteriormente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo regulamento do mesmo

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deben ser bastanteados anteriormente polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado. Tamén con anterioridade, o licitador deberá aboar a taxa por bastanteo, facendo constar no mesmo o concepto "bastanteo de poder para o procedemento de licitación"

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a empresa adxudataria presente xustificación acreditativa de tal requisito antes da adxudicación definitiva. A declaración axustarase ao seguinte modelo:

C.I.F. P-1503100-H

D./D<sup>a</sup>.

Con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de servizos

- Título:

Declaro que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP

Así mesmo declaro que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas en período executivo co Concello de Culleredo.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

**De conformidade co artigo 73 TRLCSP, a declaración responsable haberá de estar outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.**

F) Acreditación da clasificación:

Documento de clasificación empresarial: Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifican no proxecto, no suposto de que se esixa clasificación con arranxo ao disposto na cláusula 7 deste prego e epígrafe 5 do cadro de características.

G) Acreditación da **solvencia económica e financeira** e **solvencia técnica** ou profesional nos supostos nos que non sexa esixible a clasificación.

. Os licitadores deberán acreditar a **solvencia económica e financeira** mediante a presentación de declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, de ser o caso, xustificante da existencia de un seguro de indemnización polos riscos profesionais, e

. **Solvencia técnica**, mediante unha relación dos principais servizos ou traballos con obxecto análogo ó de esta licitación realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa una entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

Debe acreditarse ter prestado nos últimos tres anos o servizo de axuda a domicilio en ó menos un Concello de mais de 25.000 habitantes, para o cal deberá presentar ó menos 1 certificados de boa execución, nos que se faga constar expresamente a **boa execución do servizo**.

C.I.F. P-1503100-H

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 7 do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

L) Declaración, no seu caso, do número de traballadores discapacitados e porcentaxe que supón sobre o cadro de persoal total.

**M) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, caso no que estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia .



Non obstante aquelas empresas que figuren inscritas no rexistro oficial de licitadores da Xunta de Galicia ou no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados: A), B), C), D), e F) sempre que os citados documentos estean vixentes. A tales efectos, de conformidade co disposto no artigo 146.3 TRLCSP, cando acrediten a clasificación e a personalidade xurídica e da súa representación mediante a referencia á inscrición nun Rexistro de licitadores, deberán acompañar unha declaración responsábel do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

N) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

C.I.F. P-1503100-H

|  |
|--|
| <p>D./D<sup>a</sup>.</p> <p>Con DNI</p> <p>e domicilio en</p> <p>provincia de</p> <p>rúa nº</p> <p>en nome propio ou en representación da empresa</p> <p>á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de servizos</p> <p>- Título:</p> <p>Autoriza ao Concello de Culleredo, como administración contratante, a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente de súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno</p> |
|--|

Ñ) O contratista estará obrigado a dispoñer dunha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil, por un importe mínimo de 200.000 euros anuais, para cubrir as posibles responsabilidades civís, derivadas da execución do contrato. No caso de dispoñer desta póliza deberá presentar documento acreditativo de a súa subscrición.

Así mesmo deberá dispoñer dunha póliza de accidentes por importe mínimo de 100.000 euros anuais. No caso de dispoñer desta póliza deberá presentar documento acreditativo da súa subscrición.

No caso de non dispoñer das pólizas descritas, deberase presentar declaración na que se adquira o compromiso da súa disposición antes do inicio da prestación do servizo.

O) Certificación de estar rexistrado como entidades prestadoras de Servizos Sociais.

P) Escrito firmado polo licitador indicando unha dirección de correo electrónico e un número de fax ao obxecto de que poidan comunicárselle, no seu caso, os defectos ou omisión subsanabeis na documentación presentada. Advírtese aos licitadores que as comunicacións realizaranse preferentemente mediante correo electrónico.

Q) **Índice de documentos que integran o sobre.**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran.

### 13.2. **Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".**

No anverso do sobre figurará a mención: "referencias técnicas para a contratación do SERVIZO DE \_\_\_\_\_ presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono e fax)". Indicaranse os lotes aos que presenta oferta.

Conterá un Plan Técnico cuxo contido será o definido no Prego de prescricións técnicas. Así mesmo, poderá o licitador incluír calquera outros datos relacionados co obxecto do contrato que considere oportuno incluír para a mellor valoración da súa proposta segundo os criterios determinados neste prego e no de prescricións técnicas.

O devandito plan incluírá un estudo organizativo do servizo que comprenda a metodoloxía dos traballos e os manuais de procedemento para a prestación do servizo. Neste documento describirase en particular as funcións do persoal propio da empresa e a forma de realizalas.

A documentación a aportar no sobre B debe ser a acreditativa dos datos a valorar segundo os criterios de adjudicación establecidos neste prego (neste caso o apartado D da cláusula 17.4 do presente prego).

A extensión máxima da memoria será de 15 folios tamaño DIN A 4, escritos por unha soa cara e cunha letra que non poderá ser inferior a 10. No caso de exceder tal extensión, só se terán en conta os primeiros 15 folios, valorándose con 0 puntos os criterios cuxa valoración non sexa posible coa documentación incluída en tales 15 folios. Evitarase polo tanto achegar documentación relativa a xeneralidades sobre a empresa ou a criterios non valorables.

### 13.3. **Sobre C: Subtitulado "Oferta económica".**

No anverso do sobre figurará a mención: "oferta económica para a contratación mediante procedemento negociado do SERVIZO DE \_\_\_\_\_ presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono e fax)". Indicaranse os lotes aos que presenta oferta.

Conterá a proposta económica presentada estritamente conforme ao modelo que figura como Anexo N<sup>o</sup> 2 deste prego. No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adjudicatario, como

consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das propostas.

Coa oferta económica achegarase un estudo económico detallado no que se analicen os custes do servizo que xustifiquen dita oferta, así como a xustificación dos prezos/hora das distintas categorías de empregados relacionadas na memoria técnica.

Valorarase atendendo á coherencia e fiabilidade na súa elaboración.

#### **14. GARANTÍA PROVISIONAL**

De acordo co disposto no art. 103 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

#### **15. DOCUMENTOS. ORIXINAIS E COPIAS**

Os documentos que se acompañen ás propostas deberán ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

C.I.F. P-1503100-H

#### **16. IDIOMA**

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse como non postos. Consideraranse documentos sen posibilidade de emenda e non poderán ser obxecto de valoración.

### **II. ADXUDICACIÓN**

#### **17. APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.**

##### **17.1 Apertura de plicas e adxudicación. Criterios de valoración**

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da mesa de contratación), estarase ao disposto nos art. 160 do TRLCSP.

##### **17.2 Apertura e valoración das ofertas.**

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas:

*1ª fase: valoración dos criterios non avaliados mediante aplicación de fórmulas establecidas no PCAP.*

As empresas que non superen a puntuación mínima de 10 puntos na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo.

Para os efectos previstos na primeira fase, a Mesa de Contratación poderá solicitar os informes técnicos que estime convenientes, os cales deberán ser debidamente motivados á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: "Referencias técnicas".

*2ª fase: valoración dos criterios avaliados mediante aplicación de fórmulas establecidas no PCAP.*

Para os efectos previstos na segunda fase, a mesa de contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no apartado informacións do perfil de contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adjudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

#### 17.3 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adjudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación (no caso de que non exista ningunha proposición que sexa admisíbel de acordo cos criterios fixados neste prego de condicións), motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adjudicación que figuran no presente prego.

#### 17.4.- Criterios de valoración:

Os criterios para a adjudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

FASE I (criterios que dependen dun xuízo de valor):

1. Pola presentación dun Programa calendarizado de formación continuada para as auxiliares de axuda a domicilio, traballadoras/es sociais e coordinador/a técnica do servizo e materia de xestión en xeral, dirección de RRHH, procesos de calidade, ou en atención socio-sanitaria ou socio-educativa en calquera dos aspectos relacionados cos servizos a prestar pola empresa a contratar. Valorarase o grado detalle do programa formativo con iniciación de contidos, obxectivos, cronogramas, frecuencia, recursos didácticos, garantías de realización, e control e avaliación do mesmo, ata un máximo de 20 puntos, desglosado nos seguintes subcriterios:.

SERVIZO DE ATENCIÓN PERSOAL:

- Aseo e coidado persoal que leva con siglo o mantemento da hixiene persoal, con especial atención para dependentes, encamados e incontinentes a fin de evitar novas afeccións físicas.
- Apoio e axuda á mobilización dentro do fogar, incluíndo levantarse ou deitarse da cama cando fose posible e en calquera caso, cambios posturais.
- Acompañamento fora do fogar para facer as xestións que houberse lugar (visitas médicas, tramitacións documentación, acompañamento por requirimento de organismos oficiais ou outras análogas).
- Axuda para a inxestión de alimentos.
- Axuda para a toma de medicación sempre prescrita por facultativo.
- Compañía, dinamización e estimulación.
- Supervisión do estado de saúde para a detección e comunicación de cambios significativos.

#### SERVIZO DE CARÁCTER DOMESTICO:

- Atencións das labores de compra diaria ou semanal.
- Lavado e repaso da roupa.
- Limpeza e mantemento da vivenda e aparellos así como pequenas reparacións e outras tarefas que non impliquen a participación de especialistas e que afecten ó ámbito inmediato da vida cotiá do usuario/a.
- Apoio na administración do fogar.
- Apoio formativo en tarefas domésticas.

#### 2. Outras melloras a valorar: Ata un máximo de 10 puntos:

- A garantía acreditada da estabilidade dos profesionais de atención directa ós usuarios.
- O compromiso da empresa licitadora de ofrecer formación e posterior emprego na empresa a persoas insertas nos diversos programas de servizos sociais municipais mediante a formalización do correspondente convenio, especificando o número de persoas susceptibles de ser contratadas por esta modalidade.
- Servizos complementarios á propia axuda a domicilio vinculados á atención directa ós usuarios no seu fogar dos que o Concello non dispoña: asesoramento na adaptación funcional do fogar, terapia ocupacional, podoloxía, reparacións da vivenda.... A empresa licitadora deberá presentar a este respecto ofertas concretas valoradas técnica e economicamente para ser consideradas neste apartado sinalando en que condicións as oferta. A Administración Municipal reservase a facultade de contratar

ou non ditos servizos no caso de que se oferten con custe para ela, aínda que se poderá valorar igualmente, con menor puntuación o feito da súa existencia e posibilidade de contratalos.

Á vista da documentación presentada polos licitadores, mediante informe técnico, realizarase a ponderación dos subcriterios establecidos anteriormente.

As empresas que non superen a puntuación mínima de 10 puntos na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II (criterios cuantificabeis de xeito automático)

1. Capacitación do persoal: formación e experiencia acreditada a maiores da mínima requirida en relación coas funcións a desenvolver no servizo: Ata un máximo de 25 puntos.

. Para os/as auxiliares:

- Por formación especializada en demencias, discapacidades, coidados persoais, primeiros auxilios e/o RCP, promoción da autonomía persoal ou en riscos específicos do traballo en axuda a domicilio cun mínimo de 20 horas por curso (0,25 puntos por cada curso acreditado ata un máximo de 3 cursos por persoa e de 15 puntos en total).

. Persoal técnico adscrito ó contrato.

- Para o coordinador/a técnico do servizo:

. Por unha licenciatura relacionada con os servizos socio-sanitarios: 1 punto.

. Por unha diplomatura relacionada cos servizos socio-sanitarios a maiores da súa licenciatura: 0,5 puntos.

- Para os/as traballadoras sociais:

. Por unha licenciatura relacionada cos servizos socio-sanitarios a maiores do título de traballo social: 1 punto.

. Por unha diplomatura a maiores do título de traballo social relacionada con os servizos socio-sanitarios: 0,5 puntos (ata 5 puntos en total)

- Experiencia docente na área de axuda a domicilio do persoa coordinador e de os/as traballadores/as sociais adscritas/os ó servizo: 1 punto por cada 100 horas impartidas (ata un máximo de 5 puntos)

2. Medios materiais e infraestrutura para a prestación do servizo. Ata un máximo de 25 puntos.

. Vehículos propiedade da empresa par a prestación do servizo: 1 punto cada un ata un máximo de 2 puntos.

. Equipos informáticos portátiles: 1 punto ata un máximo de 3 puntos.

- . Programa informático específico de xestión do Servizo de Axuda a domicilio que facilite o seguimento do servizo: ata un máximo de 5 puntos
- . Axudas técnicas aportadas ó servizo: Ata un máximo de 15 puntos:
- a) Por cada cama articulada 0,5 puntos ata un máximo de 2 puntos.
  - b) Por cada sillón xeriátrico 0,5 puntos ata un máximo de 2 puntos.
  - c) Por cada cadeira de rodas 0,20
  - d) Por cada grúa 0,25 puntos ata un máximo de 2 puntos.
  - e) Por cada andador 0,25 puntos ata un máximo de 2 puntos
  - f) Por cada xogo de patas de elefante 0,25 puntos ata un máximo de 2 puntos.
  - g) Por cada mesa móbil e adaptable para comer 0,25 puntos ata un máximo de 2 puntos.
  - h) Por outras axudas técnicas de clara utilidade para o servizo: 0,25 por unidade ata un máximo de 2 puntos.
3. Pola adscrición de cada media xornada de auxiliar mais sobre as 20 mínimas requiridas: 1 punto ata un máximo de 10 puntos.
4. Oferta económica: ata **20** puntos

C.I.F. P-1503100-H

Para a súa valoración empregárase a fórmula deseñada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela para a Deputación de A Coruña, que se pode consultar na seguinte dirección web:

[http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/Manual\\_Formula.pdf](http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/Manual_Formula.pdf)

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores minusválidos superior ao 2% de conformidade co establecido na disposición adicional 4ª do TRLCSP.

*17.3.1.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.*

17.3.1.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente A xustificación realizada polos licitadores remitirase aos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

17.3.1.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2.- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4.- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non se atopan no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

C.I.F. P-1503100-H

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos da man de obra.

2º.- Volume de servizos de axuda a domicilio xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña a licitador.

3º.- Programa detallado de execución dos servizos en relación co seu custe.

#### 17.4 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da mesa de contratación, c) a adxudicación definitiva, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución do servizo, f) a recepción, etc. faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP.



A renuncia do licitador en curso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de 2 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161.4 do TRLCSP.

## 18) Adxudicación.

### 18.1. Clasificación das ofertas

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, conforme ao precisado neste PCAP. Para realizar dita clasificación atenderase aos criterios de adxudicación sinalados neste prego podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

### 18.2 Documentación a presentar polo ofertante proposto como adxudicatario

O órgano de contratación requirirá ao licitador que tivera presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo máximo de **10 días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

- a) Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos. O concello comprobará de oficio que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas en período executivo con este concello.
- b) Presentar a documentación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas: a tal efecto, achegarán o xustificante de estar dado de alta no imposto referida ao exercicio corrente, ou a copia da carta de pagamento do Imposto do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto.

No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

- c) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP. (Pódese consultar o modelo de garantía en forma de aval no perfil de contratante)

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro

requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

- d) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP que lle reclame o órgano de contratación.

No caso de que o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar unha copia do NIF asignado á agrupación e nomear un representante ou apoderado único da unión con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extensión do mesmo, sen perxuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos.

### 18.3 Adjudicación

Dentro dos 5 días hábiles seguintes a aquel en que se recepcione a documentación do ofertante proposto á que se refire o epígrafe anterior, o órgano de contratación deberá acordar a adjudicación, sempre que este presente a devandita documentación e acredite que reúne as condicións esixidas.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no PCAP, polo que de non reunir o primeiro ofertante proposto os requisitos necesarios para ser contratado, adjudicarase o contrato ao seguinte ofertante proposto seguindo a clasificación realizada conforme á cláusula 16.1 deste PCAP.

## 19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato realizarase antes de que transcorran **15 días hábiles** desde que a recepción da notificación da adjudicación aos licitadores.

O incumprimento desta previsión é causa de resolución do contrato, podendo, nestes supostos, acudirse aos seguintes licitadores propostos seguindo a clasificación realizada conforme á cláusula 18.1 deste PCAP, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade.

A proposta de mellora aceptada, de ser o caso, polo órgano de contratación na adjudicación formará parte do contrato, debendo, para tal efecto, recollese expresamente no mesmo. Simultaneamente coa sinatura do contrato deberá ser asinado polo adxudicatario o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que formarán parte do contrato como anexo ao mesmo.

No caso de que o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Unha vez formalizado o contrato, e antes do inicio da prestación do servizo, o adxudicatario debera achegar copia das pólizas de seguros e acreditar o pago das mesmas.

## 20. TRIBUTOS

O adjudicatario estará obrigado a aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou de ser o caso sobre o obxecto do contrato.

### III. EXECUCION DO CONTRATO

## 21. RESPONSABLE DO CONTRATO. EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 21.1.- Responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física o xurídica.

A designación ou non do responsable do contrato, e o exercicio ou non polo mesmo das súas facultades, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas a orde directa do mesmo.

O nomeamento do responsable do contrato será comunicado por escrito ao contratista no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato e, de ser o caso, a súa substitución en idéntico prazo, desde a data na que se producira.

O contratista, sen custos adicionais, facilitará á administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información, que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

### 21.2.- Execución do contrato.

A.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

B.- O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas, nos pregos, no estudo organizativo presentado polo contratista e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

C.- A empresa contratista dispoñerá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, que se precisará no estudo organizativo do servizo, que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo.

D.- Durante a execución do contrato, o contratista non poderá substituír ao persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación.

E.- É responsabilidade da empresa contratista e dos seus delegados/as impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a Administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Corresponde así mesmo á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto

F.- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. (art. 214 TRLCSP).

G.- No caso de que, de conformidade co previsto no PCT, o Concello poña a disposición do concesionario un local para ubicar nel as oficinas para a realización do traballo, a dotación deste local, a organización física das instalacións, sen prexuízo das limitacións que poida impoñer a Administración, e a provisión de medios

materiais deste (mobiliario, material de oficina, material informático e de comunicacións) corresponde á contrata.

## **22. LUGAR/ES DE PRESTACIÓN DO SERVIZO. PRAZO DE DURACIÓN**

A prestación do servizo terá lugar onde se especifique nas prescricións técnicas.

O prazo de duración do contrato serán os fixados no epígrafe 4 do cadro de características e comezarán a contar a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato.

A mora do adxudicatario non requirirá a anterior intimación por parte da administración.

Por mutuo acordo das partes antes do remate do contrato, poderá prorrogarse o prazo da prestación do servizo, sempre que a duración total, incluídas as prórrogas, non exceda do prazo sinalado no epígrafe 4 do cadro de características, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

## **23. CALIDADE DOS SERVIZOS**

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións mais óptimas de calidade utilizando os medios persoais e materiais máis axeitadas para garantir a súa óptima execución.

O Concello poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarios.

## **24. RECEPCIÓN**

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para súa execución e cumprimento, requirindo, de ser o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da recepción. Se os traballos efectuados non se axeitan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitar a mesma quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, de ser o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

A recepción do obxecto do contrato efectuarase de acordo co previsto nos artigos 222 e 307 do TRLCSP.

## **25 CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL**

O contratista queda obrigado ó cumprimento estrico de cantas disposición en vigor ou que se ditén durante a vixencia do contrato, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire o pago de xornais mínimos por categorías profesionais, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc, ase como o emprego de persoal a través da oficina de emprego. O Concello está facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento de esta obrigación.

O persoal a empregar polo contratista non terá ningún tipo de relación laboral con este Concello.

## **26. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

### **26.1.- Dereitos do adxudicatario.**

- Dereito ao aboamento do servizo que realmente realice con arranxo ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo coa disposición transitoria 8ª da Lei 15/2010 do 5 de xullo pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o devandito aboamento deberá efectuarse dentro dos seguintes prazos:
  - a) Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012 o prazo no que as administracións teñen a obrigaçión de aboar o prezo das obrigaçións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 40 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.
  - b) Do 1 de xaneiro de 2013 en diante o prazo no que as administracións teñen a obrigaçión de aboar o prezo das obrigaçións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 30 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato
- Se a administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei de 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 216.4 do TRLCSP. Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentara no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivera a factura ou ata que se presente a mesma no Rexistro Xeral.
- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos na LCSP.
- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.
- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

C.I.F. P-1503100-H

#### 26.2.- Obrigas do adxudicatario.

Ademais das previstas no prego de prescricións técnicas, establécense as seguintes obrigas:

- Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou material directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

#### 27. PAGAMENTOS

O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo convindo, con arranxo ás condicións establecidas no contrato, correspondente aos traballos efectivamente realizados.

O pagamento do prezo realizarase mensualmente, previa presentación polo contratista da factura correspondente (art. 216.2 TRLCSP). O adxudicatario deberá emitir unha factura mensual, por mensualidades vencidas, do cómputo total dos servizos realizados, así como un desglose individualizado de cada usuario/a que deberá conformarse polo responsábel do contrato ou persoa en quen delegue.

A factura indicará o número de horas prestadas ós usuarios, que previamente serán autorizadas pola Área técnica de Sanidade e Asuntos Sociais, debendo indicar as horas realizadas por cada tipo de servizo dos definidos na cláusula 2 do presente prego, distinguindo as horas de **Libre Concorrenxia** e as de **Dependencia** que serán facturadas ós prezos unitarios recollidos no contrato.

Con cada factura achegarase un informe no que se faga constar o tipo de servizo e usuario/a a quen se lle presta.

Independentemente do volume total de horas calculado para a adxudicación, o Concello aboará unicamente as horas que realmente se realicen en cada un dos domicilios.

Os servizos extraordinarios poderán ser obxecto de facturación unha vez realizados. As facturas emitidas haberán de indicar o número de horas facturadas e acompañaranse da correspondente orde de realización dos mesmos asinada polo responsábel do contrato.

Con cada factura o contratista achegará:

- O documento que acredite a presenza do persoal e os horarios polos que factura.
- Os boletíns mensuais de cotización á seguridade social do persoal que efectivamente prestara os seus servizos no período anterior ao de facturación.
- A conformidade na factura do responsábel municipal dos traballos.

Como condición para o primeiro pagamento, o contratista debera presentar copia dos contratos de traballo suscritos con cada unha das persoas empregadas, debidamente visados polo INEM. De igual modo procederá o contratista en calquera variación do persoal que se empregue.

C.I.F. P-1503100-H

## **28. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS**

Cando o contratista por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo de inicio na prestación do servizo, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

O órgano de contratación, a proposta do responsábel do contrato se fora designado, adoptará o acordo de imposición de penalidades, que será inmediatamente executivo. As penalidades faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía que se constituíse, cando non podan deducirse dos devanditos pagamentos.

De conformidade co artigo 212 TRLCSP que dispón que os pregos poderán prever penalidade para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo (art. 212 apartado 1) ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato (art. 212 apartado 4 parágrafo segundo), establécense as seguintes penalidades:

- a) Terán a consideración de infraccións leves as seguintes:

- Non presentar a desagregación da facturación ca folla asinada do cumprimento dos servizos nos 5 primeiros días de mes.
  - Non avisar en tempo real dos cambios de auxiliares.
  - Realizar cambios de auxiliares sen a debida motivación e notificación ó Concello.
  - Realización de mais tarefas das recollidas no proxecto de intervención.
  - A falta de puntualidade na entrada dun servizo mais de tres veces no prazo dun mes.
  - A presenza pouco coidada do persoal .
  - A falta de identificación ou uniformidade do persoal.
  - Calquera incumprimento das obrigacións contractuais da entidade prestadora non prevista como falta grave ou moi grave.
- b) Terán a consideración de infraccións graves as seguintes:
- A comisión de dúas faltas leves no prazo de seis meses.
  - O incumprimento do proxecto de intervención.
  - Ocultar datos que afecten ó normal desenvolvemento do servizo.
  - Non dar aviso oportuno e urxente ante situacións de emerxencia (ausencia do usuario do seu domicilio, non poñer en alerta á coordinación dos problemas de saúde, de seguridade, etc... que puideran xurdir)
  - Faltar ó respecto ós usuarios e familiares.
  - O incumprimento do horario establecido.
  - A excesiva rotación das auxiliares no mesmo domicilio como práctica habitual.
- c) Terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes:
- Cometer dúas faltas graves nun período de seis meses.
  - Falsidade na documentación presentada ou ocultación de información primordial para a prestación do servizo.
  - Atentar contra a dignidade das persoas usuarias, ofensas verbais, trato vexatorio ou maltrato físico.

- As infraccións previstas no ordenamento xurídico como determinantes da resolución do contrato administrativo por causa imputable o contratista.
- A utilización das instalacións, elementos ou maquinaria adscritos ao servizo para fins distintos dos previstos no contrato.
- Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.
- Incumprir as normas laborais ou o convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder o contrato sen a debida autorización municipal ou realizar subcontratacións contrarias a este prego ou sen autorización municipal.
- Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto aos traballadores a empregar.
- Suspensión total ou parcial da prestación do contrato polo contratista
- Incumprimento do compromiso de achega de medios para a execución do contrato.
- O cobro de servizos (tanto dos que lle foran encargados, como de outros extraordinarios que puideran pactar co usuario) ou percepción de gratificacións ou contraprestacións económicas, por parte das auxiliares de axuda a domicilio ou calquera outro profesional da entidade adxudicataria

A reiteración da comisión de infraccións (entendida a reiteración como a comisión de tres ou máis faltas) será unha circunstancia agravante que, no seu caso, será sancionada co tipo inmediatamente superior.

Pola comisión das faltas previstas, aplicaranse as seguintes sancións:

- a) As faltas leves sancionaranse con multas de ata o 5% do prezo mensual do contrato.
- b) As faltas graves sancionaranse con multas de ata o 20% do prezo mensual do contrato.
- c) As faltas moi graves poderán sancionarse con multas de ata o 50% do prezo mensual do contrato e no seu caso a resolución deste.

As penalidades que o órgano de contratación impoña ao contratista faranse efectivas, previa audiencia ao contratista por prazo non superior a dez días, mediante dedución das cantidades mensuais que deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía definitiva que se constituirá, cando non poidan deducirse dos devanditos pagamentos mensuais. Neste último caso, a garantía definitiva deberá completarse na forma establecida na TRLCSP

## **29. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO E MANTEMENTO DO EQUILIBRIO ECONOMICO DO CONTRATO.**

O presente contrato non poderá ser obxecto de modificación ós efectos do previsto no art. 106, no obstante de concorrer desequilibrio na economía do contrato ou algunha das causas prevista no art. 107 do TRLCSP, poderá procederse á modificación cos límites establecidos nos artigos 107, 2 e 3, debendo seguir e resolverse



con carácter previo a calquera prestación que supoña modificación, o correspondente expediente de modificación do contrato.

Cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato. A Administración deberá compensar ó contratista de forma que manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite a Administración respecto ó desenvolvemento do servizo, carezan de transcendencia económica.

A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos:

- a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, e de acordo co o establecido no título V do libro I as características do servizo contratado.
- b) Cando as actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.
- c) Cando causas de forza maior determinan de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, entendéndose por "forza maior" o disposto no art. 231 do TRLSP.

As modificacións que impliquen aumento o diminución de horarios, como consecuencia das obrigacións impostas pola Xunta de Galicia para responde das esixencias das persoas usuarias a través da Lei 14/2006, non implicarán modificación do contrato, sendo o prezo da hora o mesmo fixado no presente contrato. Podendo ser a modificación como máximo do 20% do incremento o diminución do volume de horas previsto.

C.I.F. P-1503100-H

### **30. PRAZO DE GARANTÍA**

Non se establece prazo de garantía pola natureza dos traballos a realizar, de tal forma que a garantía definitiva devolverase ao contratista unha vez executada a totalidade lo contrato e cumprido este satisfactoriamente ou cando se resolvera o mesmo sen culpa do contratista, previo informe de conformidade do departamento xestor do contrato.

### **31. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

- Con carácter xeral serán as previstas nos artigos 223 e 286 do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 288.
- O incumprimento do compromiso de manter os medios humanos e materiais adscritos a realización das prestacións obxecto do contrato durante todo o tempo que dure este e no caso de necesitar substituílos, manter o mesmo numero e categoría considerarase incumprimento dunha obriga esencial aos efectos previstos no artigo 223 TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do artigo 212.1 TRLCSP.
- A comisión dunha infracción moi grave.

## **IV. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN**

### **32. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN**

O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Culleredo, é o Sr. Alcalde.

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convido, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, de ser o caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

### **33. RÉXIME XURÍDICO**

O presente contrato de servizos ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e de ser o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, logo de interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 do TRLCSP as persoas interesada deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

C.I.F. P-1503100-H

**ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**

|   |   |   |   |                   |   |
|---|---|---|---|-------------------|---|
| 0. REGULACIÓN HARMONIZADA   | a) contrato non suxeito a regulación harmonizada  |   | X   |                   |   |
|   | b) contrato suxeito a regulación harmonizada  |   |   |                   |   |
| 1. PROXECTO   | Servizo de Axuda a Domicilio do Concello de Culleredo   |   |   |                   |   |
| 1.bis. CODIFICACIÓN   | Vocábulo común de   | 75310000-2-Servizos de prestacións sociais. contratos.                  |   |                   |   |
| 2. ORZAMENTO  | Orzamento anual   | A) Prezo sen IVE:<br>B) IVE<br>C) Total (A+B)                           | 675.801,70 €<br>27.032,06 €<br>702.833,76 €   |                   |   |
|   | Orzamento total   | Anos<br><i>importe</i><br>A) Prezo sen IVE:<br>B) IVE<br>C) Total (A+B) | 2012-2013 + 2013-14 + 2014-15 + 2015-16<br><br>2.703.206,77 €<br>108.128,27 €<br>2.811.335,04 € |                   |   |
| 3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA  | 233A -22799   |   |   |                   |   |
| 4. PRAZO DE DURACIÓN  | 3 anos máis 1 de prórroga   |   |   |                   |   |
| 5. CLASIFICACIÓN  | Non se esixe  |   |   |                   |   |
| 6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN                              | CONSULTA: no perfil de contratante en <a href="http://www.culleredo.es">www.culleredo.es</a> e no negociado de contratación sito na Casa Consistorial<br>LUGAR DE PRESENTACIÓN: Rexistro de entrada do Concello de Culleredo, sito en Rúa do Concello, nº 12-Culleredo (A Coruña) |   |   |                   |   |
| 7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS  | 15 días naturais, a partir da publicación do último anuncio no DOG ou no BOP  |   |   |                   |   |
| 7.BIS PUBLICIDADE DA LICITACION<br>(indicar a opción elixida)                     | Publicidade mediante anuncio no DOG e no BOP  |   | X   |                   |   |
|   | Publicidade mediante anuncio no perfil de contratante   |   | X   |                   |   |
|   | Publicidade mediante anuncio nun xornal dos de maior tiraxe.  |   | X   |                   |   |
| 8.- PERFIL DE CONTRATANTE   | 8.1 Enderezo páxina web: <a href="http://www.culleredo.es">www.culleredo.es</a>   |   |   |                   |   |
|   | 8.2 Publicación de adxudicación (indicar a opción elixida):   |   |   |                   |   |
|   | a) en BOP   |   |   |                   |   |
|   | b) en perfil de contratante   |   | X   |                   |   |
| 9. GARANTÍA DEFINITIVA  | 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido  |   |   |                   |   |
| 10. TAXAS DO CONTRATO   | Bastanteo de poderes: 6,56 €<br>Taxa de formalización do contrato: A establecida na Ordenanza fiscal nº 6   |   |   |                   |   |
| 11. REVISIÓN DE PREZOS  | 85% IPC   |   |   |                   |   |
| 12. CONTROL DE CALIDADE   |   |   |   |                   |   |
| 13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA | A. DIARIOS OFICIAIS   | SI  | TARIFA ORDINARIA/URXENTE  | NON               |   |
|   | 0,00 €  |   | X   | BOP               |   |
|   | 1.500,00 €  |   | X   | DOG               |   |
|   | 0,00 €  |   |   | BOE               | X |
|   | 700,00 €  | B. PRENSA   | DIARIO ONDE SE PUBLICA  | La Voz de Galicia |   |
| 14. VARIANTES OU MELLORAS<br>(indicar a opción elixida)                           | Non se admite a presentación de variantes ou melloras   |   | X   |                   |   |
|   | Admítese a presentación de variantes ou melloras  |   |   |                   |   |

**ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN**



D/ D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_ núm \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_, con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm. \_\_\_\_\_ actuando en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_ DNI ou CIF núm. \_\_\_\_\_ e con domicilio en \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_ núm \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_) toma parte no procedemento aberto con multiplicidade de valoración para a adxudicación da execución do servizo de AXUDA A DOMICILIO (SAD) do Concello de Culleredo e para cuxos efectos fai constar:

1º.- Que presenta oferta para a execución do servizo e que ofrece o seguinte prezo:

| TIPO DE SERVICIO   | PREZO |
|--|-------|
| Servizo ordinario previsto   |       |
| Servizo imprevisto, domingo ou festivo   |       |
| Noite completa (entre ás 22 e as 8 da mañá)  |       |
| Horas nocturnas illadas (menos de 7 horas entre as 22 e las 8 da mañá, ou partidas en dous quendas |       |

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.

3º.- Que se acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

O licitador (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

**MODELO DE SOBRE**

|     |                         |
|-----|-------------------------|
| (1) | A. DOCUMENTACIÓN        |
|     | B. REFERENCIAS TÉCNICAS |
|     | C. OFERTA ECONÓMICA     |

Proposición para tomar parte na contratación o servizo de (2) (3)

presentada por

teléfono

fax

correo-electrónico a efectos de notificacións

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

- (1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.
- (2) Indicar o título do contrato.
- (3) No caso de que se prevea a licitación por lotes se indicará os lotes aos que presenta oferta